



CHÍO CON AMOR

Febreiro é o mes da Candeloria, o mes que prelude a chegada da primavera, mais tamén do tan coñecido San Valentín. É, entón, o mes do amor e, para celebralo, o Departamento de Lingua Galega e Literatura organiza o concurso de mensaxes de amor **Chío con amor**. Non sabes que é un chío? De seguro que che resulta máis familiar o termo inglés tweet. A resposta é, pois, ben doada: unha mensaxe breve que non pode superar os 280 caracteres.

Bases do concurso:

1. Para **todo o alumnado de ESO e Bacharelato**.
2. Tes que escribir un chío de amor ou amizade en galego que non supere os **280 caracteres estipulados**.
3. **O chío** debe ir dirixido a alguén do IES Pedras Rubias e **asinado cun pseudónimo**.
4. **Meteralo nun sobre aberto** que levará escrito, na parte frontal, o **nome do destinatario ou destinataria** e o curso en que está.
5. **Dentro do sobre** debes incluír, tamén, **un papel no que apareza o teu nome, o teu pseudónimo e o teu curso de referencia**.
6. O **sobre depositaralo nunha caixa** de correo habilitada, na **biblioteca**, para este fin.
7. O **prazo rematará** ás 14:00 horas o **xoves 9** de febreiro.
8. **O 14 de febreiro repartiremos as mensaxes polas aulas** para que cheguen aos seus destinatarios e destinatarias.
9. Haberá un **premio por cada nivel**.
10. O xurado formaráo o profesorado do Departamento de Lingua Galega e Literatura.
11. **Os galardoados ou galardoadas** daranse a coñecer o **martes 14 de febreiro**. Publicaranse os seus nomes na cortiza que está na entrada e tamén na web do centro.
12. **Os premios** serán unha sorpresa, mais queda garantido que será unha sorpresa orixinal, gorentosa e saborosa.
13. Recolleranse durante o recreo do **mércres 15 de febreiro** na biblioteca.
14. Valorarase a creatividade, a orixinalidade e a beleza.

Ánimo, a que estás esperando? Dálle á túa alma de poeta, crea o teu chío de amor ou amizade e participa. Non te has arrepentir!

